

dende as ondas

Venres 13

15.07.2007

ANTONIO GUTIÉRREZ

Este venres vivimos unha desas xornadas que os supersticiosos recoñecidos e os agoireiros anónimos consideran fatídicas e apropiadas para quedar na casa. Resulta evidente que a base destas crenzas ten moito que ver coa incultura. As súas orixes están no pensamento mítico e prerracional do que tanto nos rimos de portas para fóra pero que, polo que se comproba, aniña baixo os pregues do cerebro coma o po baixo as alfombras.

Este esquema máxico de interpretación da realidade está fortemente enraizado nas nosas sociedades posmodernas. Tanto que hoxe en día esta parafernalia constitúe un fabuloso negocio. A manipulación do medo dos crédulos estalle enchendo os petos a unha inxente lexión de futurólogos, tarotistas, espiritistas, profetas, líderes pseudorrelixiosos e outros caloteiros profesionais. E para vergoña do Xornalismo, os máis deles gozan dunha increíble presenza nos medios informativos, o que lles outorga un plus de credibilidade. Semella que hai calotes aceptables.

Velaí un tema fundamental a abordar en Educación para a Cidadanía; esa materia pantasma aprobada para polarizar aínda máis a xa de seu fragmentada opinión pública. Pero se conseguise inculcar nas mentes dos rapaces que a racionalidade é máis humana cá superstición xa pagaría a pena o invento.

A cuestión é grave, sobre todo se temos en conta os altos índices de fracaso escolar que padecemos e que a propia conselleira de Educación cifraba esta semana nun alarmante 19% dos alumnos da ESO. Os que albiscamos o medio século sabemos que o soño dos ditadores foi sempre ter un pobo iletrado, crédulo e polo tanto acrítico. O fomento da superstición é a primeira pedra dese macabro edificio. O sistema educativo, sexa público ou privado, ten a obriga moral inescusable de pecharlle as portas a esa lacra. Na súa esencia está formar cidadáns libres e inconformistas, que lle sexan molestos ó poder e se movan nos antípodas do servilismo.

De aquí que o gasto en ensino nunca sexa banal, nin caro. Por moitos cartos que custe. Soamente unha sociedade ben formada nos vai garantir o futuro. En caso contrario seguiremos encabezando as listas de países co maior índice de fracaso escolar. E continuaremos afastándonos dos países tecnoloxicamente máis avanzados do mundo. Por moita ferralla en forma de satélite que logo teimemos en enviar ó espazo